

## O CITMaga resolve o I Concurso PIMaga

*Con motivo do Día Internacional das Matemáticas (14/03) o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMaga) convocou o I Concurso PIMaga*

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024.- O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia ([CITMaga](#)) vén de facer pública a listaxe de gañadores do I Concurso PIMaga. Esta nova iniciativa, liderada pola Comisión de Divulgación do centro, ten por fin descubrir e dar difusión ás actividades que os centros escolares galegos realizan con motivo do Día Internacional das Matemáticas (14/03).

O xurado do concurso, composto polos cinco integrantes da Comisión de Divulgación Científica do CITMaga: Miguel Brozos Vázquez, María Isabel Borrajo García, Laura López Paz, Marta Pérez Rodríguez e Miguel Picos Maiztegui, valorou as propostas dos centros educativos participantes, atopándose con moi boas iniciativas nesta primeira edición do concurso.

En palabras dos membros da Comisión de Divulgación do CITMaga, valorar e coñecer de primeira man as diversas actividades que se realizan no eido do Día Internacional das Matemáticas, en distintos niveis educativos ao ancho de toda a xeografía galega, é un motivo de satisfacción.

Para o CITMaga este I Concurso PIMaga foi o punto de partida dunha serie de actividades, que se irán desenvolvendo ao longo dos próximos meses, e que pretenden achegar as matemáticas e o labor do noso persoal investigador á sociedade, coa fin de divulgar a cultura matemática e espertar novas vocacións científicas entre a mocidade.

### Resolución do I Concurso PIMaga

*Premiados:*

1. Traballando o número  $\pi$  (1º ESO) | IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras, Ourense)
2. Poñamos que falo de Ferrol... Descubrindo enigmas na cidade (3º ESO) | CPR Plurilingüe “Sagrado Corazón” – MM. Mercedarias (Ferrol, A Coruña)
3. Xogamos coas matemáticas en educación física | CEIP A Ponte (Ourense)

*Accésit:*

Pi-Cadea e Concurso de Pituits | IES Mugardos (Mugardos, A Coruña)

### O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMaga)

O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMaga), créase mediante convenio das tres universidades públicas de Galicia, co obxecto de integrar as capacidades científicas do ámbito das Matemáticas, compartindo visión e estratexia, levou a cabo o I Concurso PIMaga na súa aposta pola divulgación científica e a achega das matemáticas á sociedade.